



**Rubén C. Lois González**

rubencamilo.lois@usc.es

**María José Piñeira Mantiñán**

mariajose.pineira@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela  
Departamento de Xeografía

# *A universidade galega na segunda metade do século XX: do monopolio compostelán á descentralización*

*Cincoentos anos de historia converten a Universidade de Santiago de Compostela nunha das máis antigas de Europa. O seu prestixio docente e espírito innovador situárona como referente en ramas do saber como Medicina, Dereito e mesmo Farmacia. Foron moitas as historias que nela aconteceron, numerosos os profesores que se esforzaron en transmitir as súas sabenzas e os alumnos que aquí se formaron. Non obstante, no seu devir histórico cómpre destacar a segunda metade do século XX como a etapa na que se rexistraron grandes transformacións.*

**Palabras clave**

Universidade, Lei Villar, descentralización, campus universitarios, facultade.

A partir da década dos sesenta (1960), dous feitos supoñerán unha mudanza na súa estrutura. Por unha banda, a democratización do ensino. Se ata entón a universidade se caracterizaba por ser unha institución elitista e exclusiva á que acudían os fillos das clases acomodadas, para os que a universidade era a chave de acceso a bos postos na Administración ou no exercicio libre da profesión, a partir de 1960 a entrada aos estudos universitarios vai quedar aberta a todos segmentos da sociedade. As consecuencias notaríanse en pouco tempo: a chegada masiva de alumnos ás aulas ía desembocar na saturación dos centros de ensino existentes e, por conseguinte, necesitaríase formular a expansión das vellas facultades.

E precisamente, neste sentido, é onde atopamos o segundo gran cambio: o proceso descentralizador. Coa aprobación en 1989 da Lei de ordenación do sistema universitario de Galicia, xorden as universidades da Coruña e Vigo, e deste xeito Compostela perde o monopolio na oferta de estudos superiores. A partir de aí comézase a artellar o actual mapa universitario galego, estruturado en tres institucións independentes e sete campus.

## O mapa universitario anterior a 1960

Desde que no 1495 López Gómez de Marzoa fundara en Santiago de Compostela o Colexio de Gramática, no que se desenvolvían estudos de latinidade, a cidade foise consolidando como o único centro universitario de Galicia. A comezos do século XX eran cinco as facultades que formaban o mapa universitario: Medicina, Dereito, Farmacia, Ciencias, e Filosofía e Letras. Nelas seguía a súa formación un número non demasiado alto de estudantes. Unicamente supuñan o 5,7% da matrícula española de ensino superior, mentres que a poboación galega representaba aproximadamente un 10% do Estado.

Os alumnos concentrábanse principalmente nas carreiras de Medicina, con case o 40% do total e grandes posibilidades de desenvolvemento profesional, e nas de Dereito e Farmacia, moi solicitadas por seren uns dos poucos centros existentes en España. As facultades de Ciencias e Filosofía e Letras contaban só cunhas dúcias de estudantes na década dos trinta (1930), se ben nos decenios posteriores rexistrarán un incremento de matrículas ao afianzar a súa función como centros preparadores de persoal docente cualificado. A oferta do que hoxe se consideran ensinos superiores, pero que daquela se encadraban legalmente nos de grao medio, completábase coa Escola de Comercio na Coruña e as escolas de Maxisterio nas catro provincias galegas.

Cómpre sinalar, así mesmo, que nas primeiras décadas do século XX as escolas de Maxisterio de Ourense e Pontevedra acollían homes e mulleres, mentres que a da Coruña era feminina e a de Lugo masculina.

O alumnado que acudía ás facultades, procedía de familias adiñeiradas, e era maioritariamente galego e masculino, pois non é ata o curso académico 1913-1914 cando por primeira vez aparecen matriculadas tres mulleres na Facultade de Ciencias, continuadoras do exemplo pioneiro das irmás Fernández de la Vega en Medicina. Tamén é feble a participación feminina no estamento docente, cando non testemuñal, ao haber unha única profesora impartindo clases a finais dos anos vinte.



Figura 1  
Centros universitarios e escolas de grao medio en 1970  
Fonte: Lois, 1994

Nas décadas seguintes (1930-1970) o mapa de estudos que na actualidade consideramos universitarios, iríase completando coa apertura de tres escolas de Comercio en Lugo, Vigo e Ourense; escolas de Enfermería na Coruña e Santiago, unha Escola de Traballo Social en Santiago, unha de Peritos Agrícolas en Lugo e unha de Peritos Industriais en Vigo. Finalmente, no curso 1967-1968 quedaría inaugurada a Facultade de Económicas en Santiago.

Deste xeito a oferta de estudos superiores, ata a década dos setenta (1970), reducíase ás seis facultades compostelás, polo que calquera mozo que tivese a intención de formarse na universidade tiña que frecuentar previamente os liceos ou escolas privadas que existían nos núcleos urbanos máis próximos, e despois trasladarse a Santiago, ben a algún dos colexios maiores da residencia de estudantes localizada ao pé da Ferradura, ou ben a algunha casa de aluguer. A residencia de estudantes, impulsada na década dos trinta (1930) polo reitor Rodríguez Cadarso, supuxo un fito de modernidade para a universidade compostelá, ao entenderse como un complemento indispensable para a función docente. A devandita residencia ofrecía ao estudantado, non só un lugar onde aloxarse, senón tamén un conxunto de equipamentos deportivos e espazos verdes nos que gozar dunha verdadeira vida universitaria a semellanza da que se tiña noutras cidades universitarias de Madrid e do estranxeiro.

## A Lei Villar e o proceso de descentralización da universidade compostelá

Pódese afirmar que ata 1970 non se aborda unha reorganización do sistema de ensino superior institucionalizado, pois o marco xurídico que regulaba a instrución pública, herdeiro das leis promulgadas no período isabelino, dispoñía que a apertura de novos establecementos só estaba xustificada en caso de que o existise a extraordinaria masificación dos xa existentes. Visto o cal, non é de estrañar que ata a década dos setenta (1970) o MEC se caracterizase por desenvolver unha tímida política de inauguración de novos centros, situación que vai mudar a partir do quinquenio 1970-1975.

A aprobación da Lei xeral de educación en 1970, coñecida tamén como Lei Villar Palasí, significou unha expansión cuantitativa da oferta de ensino, de xeito que transformou por completo o mapa educativo superior de Galicia. Rexistrouse un incremento do número de facultades e colexios universitarios, e as escolas de grao medio convertéronse en escolas universitarias. En concreto, as Escolas Normais, que así era como se designaban as escolas de Maxisterio, pasaron a denominarse escolas universitarias de Formación de Profesorado de EXB.

Con respecto ás facultades, Santiago, que ata entón contabilizaba seis, elevaba o seu número ata once, como consecuencia da fragmentación da Facultade de Filosofía e Letras (1974-1975) na de Xeografía e Historia, Filosofía e Ciencias da Educación e Filoloxía; e a de Ciencias (1977) en Matemáticas, Química e Bioloxía e Física.

Non obstante, o fito máis destacado foi a creación da primeira Escola Técnica Superior de Galicia na Coruña, concretamente a de Arquitectura (1975-1976). Este feito constituíu un primeiro paso cara á descentralización do ensino universitario, que se completaría coa inauguración, no curso seguinte, da Escola Técnica Superior de Enxeñaría Industrial en Vigo, e coa apertura, en 1984, da Facultade de Veterinaria en Lugo. A creación desta Escola de Vigo sentaría as bases para o deseño dunha especialización universitaria, que remataría en 1985 coa posta en marcha da Escola Técnica Superior de Telecomunicacións. Por outra banda, coa estrea da Facultade de Veterinaria, completábase a oferta da Escola Universitaria de Enxeñaría Agrícola, antes coñecida como Escola de Peritos Agrícolas.

Coa regulamentación dos colexios universitarios, as cidades que non contaban cunha oferta educativa superior, ían ter instalacións académicas nas que os mozos podían cursar os tres primeiros anos da carreira. En 1971 abrían as súas portas en Lugo os de Filoloxía, Química, Bioloxía e Matemáticas; na Coruña os de Economía, Filoloxía, Filosofía e Ciencias da Economía e Química e Bioloxía; en Vigo os de Filoloxía, Economía, Química e Bioloxía; e no curso 1973-1974 os de Xeografía e Historia, Filosofía e Ciencias da Educación, Farmacia e Química e Bioloxía en Ourense.

As escolas de grao medio comezaban a permitir que o alumnado adquirise unha diplomatura (de primeiro ciclo), e denominaríanse escolas universitarias, ao tempo que se producía unha diversificación das súas ensinanzas. Deste modo a Coruña pasaba a contar cunha Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, Vigo coas de Enxeñaría Técnica Eléctrica, Procesos Mecánicos e Química Industrial; e Ferrol coas de Enxeñaría Técnica Naval, Estruturas Mariñas, Servizos de Navíos e Electricidade. Como se pode observar, nestas últimas localidades vaise consolidar unha especialización formativa ligada ao desenvolvemento industrial da cidade olívica, e ao sector naval no caso de Ferrol.

Se ben a mediados dos anos oitenta xa se podía albiscar un incipiente proceso de descentralización do ensino universitario, Santiago seguía tendo unha gran representación, tanto por acoller o maior volume de facultades, como por aglutinar as carreiras cunha maior demanda. De feito, das cinco facultades que dispoñía a comezos de século, pasou a acadar os 39 centros educativos entre facultades, escolas técnicas, escolas universitarias e colexios universitarios.




Figura 2

Mapa universitario en 1989

Fonte: Lois, 1994

A notable transformación que se produciu na oferta pública de ensino superior estivo intimamente vinculada á súa democratización, e por conseguinte, a un incremento na demanda de escolarización na universidade. Tanto que no período 1960-1985 o número de matriculados se multiplica por 12, pasando de 3.250 a 40.891. Hai que pensar que en 1960 a pesar de que cada vez se matriculaban máis alumnos nas facultades, o volume total era modesto. A maioría dos mozos que pretendían continuar estudos, unha vez que obtían o grao de bacharelato elemental, inscribíanse nunha Escola Normal, de Peritos, de Comercio, de Traballo Social ou de ATS. A universidade seguía sendo inaccesible para moitas persoas que optaban por cursar na cidade máis próxima estudos de ciclo curto con saída no mercado laboral.

O gran salto tivo lugar entre 1965-1975, momento no que as titulacións medias citadas pasan a ser universitarias, á vez que se aprecia unha maior demanda para entrar nas facultades e escolas técnicas superiores. Ata tal punto foi así, que o número de estudantes de carreiras maiores se cuadruplicou neses anos pasando de 4.446 en 1965, a 17.146 no 1975. Asemade, desde 1970 rexístrase unha progresiva presenza das mulleres na universidade, en boa medida como consecuencia da integración das escolas de grao medio, nas que predominaba o colectivo feminino. De maneira que en 1975 o número de efectivos masculinos e femininos nos centros de ensino superior xa se atopaba bastante equilibrado. En 1985 Santiago concentra a meirande parte dos centros universitarios, polo que é a cidade que acolle un maior volume de alumnos (61,6% do total), se ben a nacente descentralización que comezara a desenvolverse, restáballe algo de protagonismo en relación a 1970. A Coruña e Vigo, co 12% e o 15% dos alumnos, respectivamente, empezaban a fortalecerse como campus alternativos ao compostelán.

A progresión cuantitativa da oferta educativa rexistrada desde 1960 ata 1980 non se viu acompañada dunha mellora cualitativa similar, como demostra o feito de que o aumento do cadro de persoal necesario para atender as novas necesidades docentes se basease na contratación de profesores non numerarios (PNN) que percibían menos ingresos que os restantes funcionarios do Ministerio de Educación. Nese período o número de PNN chega a multiplicarse por 21, ata o punto de que en 1980 supuñan as tres cuartas partes do profesorado universitario. Habería que agardar ata mediados dos anos 1980 para que a LRU incrementase o volume de prazas estables para os docentes, que serían ocupadas maioritariamente por interinos e contratados con varios anos de experiencia.

Entre 1985 e 1989 asistíase a un novo proceso descentralizador, ao creárense na Coruña a Facultade de Dereito e en Vigo a de Economía. O obxectivo era atenuar a masificación que rexistraban ambas as carreiras en Santiago. Por outra banda, o feito de que no curso 1989-1990 houbera 53.385 alumnos matriculados supoñía un incremento do 500% respecto a 1970, unha porcentaxe que puña de manifesto a necesidade de procurar alternativas que freasen a chegada masiva ás aulas. A solución estaba en distribuír novas facultades e centros universitarios polas sete cidades galegas, un proceso que culminaría en 1989 coa aprobación da Lei de ordenación universitaria (LOSUGA) e a creación das universidades da Coruña e Vigo. A partir de entón, o mapa universitario galego quedaba integrado por tres universidades e sete campus. Os centros educativos de

Ferrol pasaban a depender da Universidade da Coruña, os de Lugo formaban parte da de Santiago, e os de Pontevedra e Ourense vencellábanse á de Vigo.

Mais a aparición das novas universidades non estivo exenta de polémica. Cumpría deseñar novos graos, o que irremediamente significaba duplicar os estudos universitarios que se estaban impartindo en Santiago. Pero de non facelo, sería posible manter unha ensinanza de calidade nunhas aulas masificadas? Ante a controversia xurdida, nun primeiro momento optouse por consolidar e alongar os cursos xa existentes, específicos ou asociados á docencia de grao medio, e por crear os segundos ciclos en graos tradicionais como os de Economía ou Filoloxía, para nunha fase posterior tratar de incorporar novos estudos, como no caso da Coruña que reclamaba sen éxito o segundo ciclo de Medicina.

Os últimos anos do século XX trouxeron unha nova reforma dos títulos universitarios no ámbito estatal. As novidades que introducía ían encamiñadas a unha maior especialización do ensino universitario, e á diversificación e interdisciplinabilidade do currículo do alumno, o cal podería optar por materias con diferentes graos de obrigatoriedade e escoller outras de libre elección en cursos diferentes do frecuentado. Xurdiron novas licenciaturas e diplomaturas, froito da fragmentación dos graos anteriores ou da agregación de coñecementos afíns (Humanidades), o que significou un cambio total do sistema docente e un incremento do cadro de persoal ligado a un maior número de horas lectivas.

Polo que respecta ao número de alumnos, a tendencia á alza que observabamos durante os anos 1970-1980, racha nos últimos tempos, como consecuencia da redución do colectivo en idade de cursar estudos superiores. A primeira universidade en notar a diminución de matriculados será a de Santiago (1997-1998), seguida de Vigo (2000-2001) e A Coruña (2001-2002).

Coa entrada do século XXI o mapa universitario galego amosará unha oferta plural, cun carácter máis técnico nas novas universidades e un máis tradicional en Compostela. Ao mesmo tempo, as cidades sede dos reitorados van concentrar un maior número de centros educativos, a par que adquiren máis peso os cursos de ciclo longo. Distinguiranse dous campus altamente especializados: o de Lugo que asumirá a vocación agraria coa presenza da Facultade de Veterinaria e a Escola Superior de Enxeñaría Agraria (hoxe Politécnica); e o de Ferrol, cunha orientación naval. Nos campus da Coruña e Vigo convivirán as ensinanzas técnicas con outras de contido teórico, a través de cursos vinculados ao mundo da construción na cidade herculina (Arquitectura, Enxeñaría de Camiños), ou da industria e das telecomu-



Figura 3

Mapa universitario no 2002  
Fonte: Lois, López e Somoza, 2004

nicacións no caso de Vigo. En Santiago seguirán reinando as licenciaturas e diplomaturas con longa tradición, á vez que en Pontevedra a oferta xirará arredor da Facultade de Belas Artes, Ciencias Sociais e de Enxeñaría Técnica Forestal. Ourense, pola súa banda, centrará a súa oferta en estudos de índole teórica afectados por unha falla de alumnado chegando a poñer en perigo o seu futuro, aínda que, co paso dos anos, a cidade das Burgas demostrou a súa capacidade de recuperación ao incorporar a Escola Superior de Enxeñaría Informática e ampliar a oferta da Facultade de Empresas coa incorporación do segundo ciclo da licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (2000-2001) e a diplomatura de Turismo (2003-2004).

## Conclusións

Os cambios acaecidos nos últimos cincuenta anos na universidade galega entrañaron unha transformación radical do mapa de estudos superiores. Nunha fase inicial, as innovacións estiveron relacionadas cun aumento do volume de centros docentes, co fin de evitar a saturación das aulas do campus compostelán. Era o primeiro paso cara á descentralización da universidade galega, que supuña a desaparición do monopolio por parte de Santiago e o xurdimento dun sistema universitario polinuclear formado por tres universidades e sete campus.

A reforma traería consigo a modificación dos programas docentes mediante a incorporación de novas materias con distintos graos de obrigatoriedade e diversidade de opcións para cursalas, de xeito que o sistema universitario entraba nunha fase na que aparecían novas licenciaturas e diplomaturas, e abrollaban novos centros de ensinanza.

Pero as mudanzas non sempre foron do agrado do colectivo universitario. A creación das universidades da Coruña e Vigo puxo de manifesto un sentimento de desconfianza, e mesmo de temor, ante a duplicidade de segundos ciclos que ata daquela só se impartían en Santiago. Isto acontece a pesar de que nese momento a universidade compostelá estaba rexistrando uns niveis de matriculación tan elevados, que podían conducir á degradación da tarefa docente. Logo, se a demanda era tal, por que había tanta reticencia cara á descentralización universitaria? É aquí onde entran en xogo os intereses políticos e económicos, pois, como se sabe, a universidade é, despois da Xunta, a empresa que máis ingresos achega á cidade do apóstolo. Os máis de 30.000 alumnos que actualmente cursan os seus estudos aquí necesitan residencias ou pisos nos que se aloxar, mercar, divírtense, en suma, manteñen viva unha cidade cunha poboación de arredor de 100.000 habitantes.


O paso do tempo ten mostrado que este temor era infundado, pois Santiago segue mantendo o seu dinamismo e a súa universidade continúa medrando, como o proba o feito de que no Plan xeral de ordenación municipal de 2005/2008 quede reflectida a intención de potenciar o ensino superior e intensificar a súa identificación coa cidade. Neste sentido, debemos facer fincapé na repercusión que tiveron as universidades galegas na conformación da estrutura urbana. No caso da máis antiga institución de ensino superior de Galicia, a construción nos anos trinta da residencia de estudantes e dos diversos equipamentos no que hoxe coñecemos como Campus Sur, e posteriormente a implantación do Campus Norte en Vista Alegre, supuxo unha importante transformación. Ata os anos 1960, Compostela

estaba formada por un centro histórico, e a partir de entón vaise ver ampliada cara ás principais avenidas de penetración da poboación.

Pola súa banda, A Coruña e Vigo localizaron, nun primeiro momento, as instalacións universitarias no centro urbano, pero a necesidade de agrandar a súa oferta determinou a creación duns campus na periferia, o que significaba ter que desenvolver infraestruturas e servizos que facilitasen a accesibilidade aos mesmos, e hoxe gozan dunha boa comunicación. Polo tanto, podemos afirmar que a universidade nas cidades galegas se converteu nun factor de dinamización no ámbito urbano, social e económico.

Finalmente, non convén esquecer o debate que nestes anos se está a formular ante a redución do número de matriculacións en todos centros de ensino superior en Galicia. Novamente, cuestiónase a necesidade de ter sete campus, cando hai cursos que apenas superan os 10 alumnos. Neste sentido, consideramos que o novo marco aberto pola Declaración de Boloña e a configuración dun Espazo Europeo de Educación Superior, debe permitir que se dispoña dunha oferta de estudos universitarios máis flexible onde o SUG acade un maior protagonismo, sen afectar por iso á necesaria autonomía das tres universidades.

Moitos graos e posgraos poden desenvolverse de xeito coordinado entre as institucións, procurando unha certa especialización entre elas en función do seu perfil académico. Neste contexto, Santiago debe afirmarse como cidade de fonda pegada universitaria, Vigo e A Coruña reforzar as súas institucións educativas superiores nun contexto metropolitano, da mesma maneira que Lugo, Ourense, Ferrol e Pontevedra terán que profundar na definición de perfís nítidos dos seus respectivos campus.



## Bibliografía

- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (Coord.) (2001) *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións da Universidade.
- BAS, J. M., MASJUAN, J. M. e VIVES, J. (1981) El sistema educativo, respuesta institucional al afán de aprender (151-157). En LLUCH, E. (Dir.) *Geografía de la Sociedad Humana*. Tomo II. Barcelona, Planeta.
- GÓMEZ MENDOZA, J. e Outros (1987) *Ghettos universitarios. El Campus de la Universidad Autónoma de Madrid*. Madrid, Publicaciones de la UAM.
- HERIN, R. (1986) Algunos elementos para una geografía de la escolarización. *Anales de Geografía de la Universidad Complutense* (6) 115-140.
- LOIS GONZÁLEZ, R. C. (1994) *A Universidade (1960-1992)*. Vigo, Xerais.
- LOIS GONZÁLEZ, R. C., LÓPEZ GONZÁLEZ, A. e SOMOZA MEDINA, J. (2004) O sistema universitário da Galiza na segunda metade do século XX. Do modelo centralista à dispersão (633-643). En RIBEIRO DA SILVA, F., ANTONIETA CRUZ, M., MARTINS RIBERO, J. e OSSWALD, H. *Estudos en homenagem a Luís António de Oliveira Ramos*. Porto, Faculdade de Letras da Universidade do Porto. Vol. 2.
- LOIS GONZÁLEZ, R. C. e PIÑEIRA MANTIÑÁN, M. J. (2008) O Campus Sur e a súa integración na cidade de Santiago de Compostela (163-189). En *Rodríguez Cadarso, un reitor para un país. 75 cabodano do seu pasamento*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- MORENO JIMÉNEZ, A. e ESCOLANO UTRILLA, S. (1992) *Los servicios y el territorio*. Madrid, Síntesis.
- MRSH-Caen (2001) *Faire la géographie sociale aujourd'hui*. Caen, Presses Universitaires de Caen.
- SUÁREZ, C. e QUIROS, F. (1977) *La función universitaria de Oviedo*. Oviedo, Universidad de Oviedo.
- VV. AA. (1980) *La Universidad de Santiago*. Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago.
- VV. AA. (2008) *Rodríguez Cadarso, un reitor para un país. 75 cabodano do seu pasamento*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

## En recordo de **Constantino Trillo Varela**

"Ensinar é máis unha arte que unha ciencia". "Non hai ciencia que capacite o home para realizar o traballo de educar, mentres que a arte permite aplicar os grandes principios de infinitas maneiras". Un lema que acompañou a este profesor de Filosofía do IES Salvador de Madariaga da Co-ruña.

Finou o pasado mes de xullo. Unha cruel enfermidade acabou cedo cunha vida que tanto ben fixo a moitas xeracións de alumnos. Tiña un tino especial para estar á beira dos máis desfavorecidos. O diálogo e o amor eran as súas bazas e ningún rapaz se resistía ante unha persoa tan auténtica e xenerosa.

A súa humildade quedou plasmada no artigo "A sorte de atopar un bo mestre", publicado no número 51 desta revista, no que pon en boca dun compañeiro imaxinario o que el pensaba da educación.

A nosa gratitude e recoñecemento para este gran mestre.

